

Un cesto de mazás, de Montse Fajardo

Published o 22 Xaneiro, 2016 por [cafebarbantia](#)



Xerardo AgraFoxy. Hai uns anos un amigo pedíume axuda porque quería escribir un libro onde se palpara o horror. Nese intre viñéronme á cabeza algúns dos autores clásicos do xénero, como Allan Poe, Lovecraft, Thomas Harris ou Ray Bradbury. Seguro que nalgúns contos destes escritores atoparía algo interesante. Pero desbotei a idea porque me lembrei dunha obra que lera por entón: *GULAG*, de Anne Applebaum. Nela cóntase polo miúdo como o Partido Comunista da Unión Soviética creou os campos de traballo forzados para illar os elementos disidentes e conseguir, asemade, unha masa de homes e mulleres que foron recluídos como escravos para levar adiante proxectos de envergadura como a canle do Mar Branco ou a explotación das minas de Kolimá.

Se este amigo ou calquera outro, me solicitase axuda agora polo mesmo tema, non tería a necesidade de recorrer a historias desenvolvidas a milleiros de quilómetros. Non tería que “vixaxar a Siberia nin ás terras do Ártico”. Neste intre recomendaríalle o libro de Montse Fajardo titulado *Un cesto de mazás* (2015). Hai tantas historias abraiantes nesta excepcional obra que a mesma autora, nalgún dos 16 capítulos cos que conta os asasinatos cometidos pola represión franquista, ten a necesidade de explicar que “ás veces non podo crer as historias que me contan e póñome a escribelas temendo que pensedes que non son verdade”.



Pero todos sabemos que son verídicas. E tamén necesarias, dada a desidia da administración na recuperación da memoria histórica, para homenaxear as vítimas silenciadas. Repito, unha obra tan excepcional coma arrepiante e imprescindible. Parabéns á autora pola súa coherencia e valentía!